



Listaxe de verificación adaptada da Guía GEPAU de C Monereo

	DIMENSIÓN	INDICADORES DE CALIDADE	✓
1	Situación problema inicial contextualizada	A proba presenta unha situación contextualizada e o máis actual posible para o problema-reto formulado? A situación proposta podería inscribirse dentro dos ODS da UNESCO?	
2	Preguntas auténticas	As preguntas propostas e os datos ofrecidos son realistas? As preguntas son útiles e relevantes? Son propedéuticas?	
3	Preguntas motivadoras	A proba presenta cuestións que o alumnado debe afrontar con sentido crítico e ético? O alumnado evidencia creatividade e capacidade de decisión para seleccionar as estratexias adecuadas á resolución das probas utilizando coñecementos técnicos específicos?	
4	Preguntas de diferente complexidade cognitiva	A proba contén preguntas con diferentes niveis de complexidade? A complexidade das preguntas axústase ao currículo?	
5	Formato heteroxéneo dos enunciados	As preguntas achegan datos de fontes diversas? As preguntas preséntanse en diversos formatos? (texto, imaxe, gráfica, etc.)	
6	Formato heteroxéneo das respostas	As preguntas requiren diversas formas de resposta? (escrita, gráfica, etc.)? As preguntas demandan distintas modalidades de resposta? (pechadas, semiabertas, abertas ou construídas) (RD 534/2024: a puntuación asignada ao total de preguntas de resposta aberta e semiconstruída debe alcanzar como mínimo o 70%)	
7	Condições de resolución da proba	A proba axústase ao tempo (90' minutos), tendo en conta que o alumnado deberá realizar unha lectura comprensiva da documentación achegada, ademais de pensar na estratexia para a resolución das preguntas? A proba corresponde cun único modelo, se ben algunhas preguntas incorporan a posibilidade de opcionalidade no seu interior?	
8	Avaliación do proceso	A proba require que o alumnado evidencie o proceso de resolución? Avalíase a resposta do alumnado a situación novas ou inesperadas e a súa capacidade para descartar datos e información innecesaria ou irrelevante? Avalíase o uso que o alumnado fai dos recursos facilitados? (información achegada na propia proba, dicionarios, calculadoras, formularios, etc.).	
9	Puntuacións e criterios compartidos	O alumnado coñece o valor de cada pregunta e os criterios de corrección? Os criterios de corrección inclúen: a adecuación ao solicitado, a coherencia, a cohesión, a corrección gramatical, léxica e ortográfica dos textos producidos, así como a súa boa presentación ?	
10	Atención á diversidade	No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo, atendeuse á adaptación de tempos, á provisión de modelos especiais de probas (en canto ao formato) e á provisión dos medios materiais e/ou humanos necesarios para a realización da proba? Utilizouse unha linguaxe inclusiva, que respecte a diversidade, a pluralidade e os dereitos humanos?	